DOG Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 124 | Xoves, 27 de xuño de 2024 | Páx. 39529

## III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

*RESOLUCIÓN do 19 de xuño de 2024, conxunta da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e da Axencia Galega de Innovación, pola que se adxudican as axudas da Orde do 27 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral nas universidades do Sistema universitario de Galicia, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema de I+D+i galego, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (códigos de procedemento ED481B e IN606B).*

A Orde do 27 de decembro de 2023 (DOG núm. 35, do 19.2.2024), conxunta da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e da Consellería de Economía, Industria e Innovación, establece as bases reguladoras e a convocatoria das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema de I+D+i galego, en réxime de publicidade, obxectividade e concorrencia competitiva.

O obxecto desta convocatoria é outorgar axudas ás universidades do Sistema universitario de Galicia (SUG), aos organismos públicos de investigación de Galicia, ás fundacións de investigación sanitaria de Galicia (Fundación Pública Galega Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela, Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica INIBIC, Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica Galicia Sur), e aos centros do CSIC (Consello Superior de Investigacións Científicas) radicados en Galicia, que contraten persoas tituladas superiores que obtiveron recentemente o título de doutora ou doutor para a súa formación nos seus centros, unidades ou departamentos, permitindo nunha primeira fase a mellora das súas capacidades mediante estadías de investigación posdoutoral no estranxeiro. Así mesmo, terá como finalidade dar continuidade á súa carreira investigadora, nunha segunda fase da axuda, que posibilitará un perfeccionamento na súa formación e o establecemento dunha liña de investigación propia que lles permita, nun futuro, consolidar a súa traxectoria e o establecemento da liña de investigación.

No artigo 2.1 da orde de convocatoria determínase quen pode ser beneficiario e no artigo 2.2 os requisitos que deben cumprir as persoas candidatas ás axudas.

De acordo co establecido no artigo 10 desta convocatoria, unha vez analizadas as solicitudes publicáronse as listas provisionais de solicitudes admitidas e excluídas e as enti-

dades solicitantes tiveron un prazo de dez días naturais para formular reclamacións para emendar erros e falta de documentos das persoas interesadas ante a Secretaría Xeral de Universidades ou ante a Axencia Galega de Innovación, segundo a entidade solicitante. Unha vez que se recibiu e se examinou esta documentación, o 3 de maio de 2024 publicouse a lista definitiva de solicitudes admitidas e excluídas.

As solicitudes foron avaliadas por un equipo avaliador formado por persoas expertas de fóra do Sistema de I+D+i galego, coa colaboración da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), a partir da documentación indicada no artigo 7 da convocatoria e segundo o baremo que se indica no seu anexo I.

O resultado desta avaliación entregóuselle á Comisión de Selección, definida no artigo 12 da orde de convocatoria, que elaborou un informe para os órganos instrutores no cal figuran as entidades beneficiarias, xunto coa prelación das persoas candidatas a ser destinatarias das axudas, e as listas de espera para posibles substitucións.

A competencia para resolver estas axudas correspóndelles conxuntamente á persoa titular da Secretaría Xeral de Universidades da Consellería, por delegación da persoa titular da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, e á persoa titular da Dirección da Axencia Galega de Innovación, por delegación da persoa titular da Presidencia da Axencia Galega de Innovación, de acordo co artigo 13 da convocatoria.

O Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no seu artigo 1, establece que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades pasa a denominarse Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional. O Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, no seu artigo 3, adscribe a Axencia Galega de Innovación á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

En consecuencia, de acordo co establecido no citado artigo 13 das bases da convocatoria e atendendo á proposta de concesión elevada polos órganos instrutores a partir do informe da Comisión de Selección, reunida o día 20 de maio de 2024,

RESOLVEMOS:

Primeiro. Conceder as axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral convocadas pola Orde do 27 de decembro de 2023 ás entidades que contraten as persoas selecciona-

CVE-DOG: 6l5r7wm2-56k7-oj90-xur9-4e1ittcf2uv6

das que se relacionan no anexo I desta resolución, no cal se reflicten tamén as solicitudes das persoas investigadoras que obteñen a condición de bolseiras Fulbright.

No ámbito das universidades do SUG concédense un mínimo de 4 axudas por cada rama de coñecemento, de acordo co indicado no artigo 3.2 da convocatoria.

Segundo. Establecer dúas listas de espera, unha por cada órgano instrutor, que se inclúe como anexo II, para determinar posibles substitucións, segundo os criterios establecidos no artigo 12. Nestas listas figuran por orde decrecente de puntuación as solicitudes que non acadaron a puntuación suficiente para ser adxudicatarias da axuda pero que teñen unha puntuación igual ou superior á mínima establecida no artigo 11.2 da convocatoria.

Terceiro. Todas as solicitudes que figuran nos anexos I e II desta resolución cumpren os requisitos establecidos nas bases da convocatoria. Así mesmo, as solicitudes que non figuran relacionadas nos citados anexos entenderanse denegadas ou desestimadas.

Cuarto. A data de comezo dos contratos será o día 1 de xullo de 2024, agás para a persoas non comunitarias, que poderán asinar o contrato ata o día 15 de setembro de 2024.

Quinto. As axudas concedidas financiaranse con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024 e anos sucesivos, de acordo coa distribución indicada nos anexos III e IV, segundo a estrutura de pagamento recollida no artigo 19 das bases da convocatoria.

Sexto. As entidades beneficiarias deberán remitir un escrito de aceptación das axudas á Secretaría Xeral de Universidades, no caso das universidades do SUG, ou á Axencia Galega de Innovación no caso das demais entidades indicadas no artigo 2 da convocatoria, no prazo de dez días contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución e vincularán as persoas seleccionadas aos seus organismos mediante a formalización do correspondente contrato.

Sétimo. O artigo 20 da orde de convocatoria establece que as entidades beneficiarias e contratantes das persoas seleccionadas serán as encargadas de presentar as xustificacións correspondentes adecuadas á normativa comunitaria e nacional de aplicación e serán as perceptoras dos fondos para o pagamento dos contratos.

De acordo co establecido no artigo 45.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, trans-

CVE-DOG: 6l5r7wm2-56k7-oj90-xur9-4e1ittcf2uv6

corrido o prazo establecido de xustificación sen se ter presentado ante o órgano administrativo competente, este requirirá a entidade beneficiaria para que, no prazo improrrogable de dez días, a presente. A falta de presentación da xustificación comportará a perda do dereito ao cobramento parcial ou total da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia.

Oitavo. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, no caso de solicitudes pertencentes ao SUG, e ante a persoa titular da Presidencia da Axencia Galega de Innovación, nos restantes casos, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade cos artigos 19 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2024

O conselleiro de Educación, Ciencia,
Universidades e Formación Profesional
P.D. (Artigo 13 da Orde do 27.12.2023)
José Alberto Díez de Castro
Secretario xeral de Universidades

O conselleiro de Educación, Ciencia,
Universidades e Formación Profesional
e presidente da Axencia Galega
de Innovación
P.D. (Artigo 13 da Orde do 27.12.2023)
Carmen Cotelo Queijo
Directora da Axencia Galega
de Innovación

CVE-DOG: 6l5r7wm2-56k7-oj90-xur9-4e1ittcf2uv6

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia



ANEXO I

**Axudas concedidas**

Universidade da Coruña.

| Nº exp. | 1º apelido | 2º apelido | Nome | Rama de coñecemento | Bolsa Fulbright | 1ª estadía | | 2ª estadía | | Puntuación |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | Datas | Zona | Datas | Zona | |
| ED481B_080 | Rodríguez | López | Silvia | Ciencias Sociais e Xurídicas | Non | 1.10.2024-31.5.2026 | 1 | | | 119,0000 |
| ED481B_076 | Ageitos | Castiñeiras | Lucía | Ciencias | Si | 1.10.2024-30.9.2026 | 3 | | | 117,7000 |
| ED481B_068 | Barrientos | De la Llana | Sara | Ciencias | Non | 1.10.2024-30.9.2025 | 1 | 1.10.2025-30.9.2026 | 3 | 117,2000 |
| ED481B_073 | García | Ben | Javier | Ciencias | Non | 1.10.2024-30.9.2026 | 2 | | | 112,5000 |
| ED481B_079 | Sevilla | Sánchez | Marta | Ciencias Sociais e Xurídicas | Non | 1.10.2024-30.9.2025 | 1 | 1.10.2025-30.9.2026 | 3 | 111,0530 |
| ED481B_069 | Rojo | Mejuto | Natalia | Artes e Humanidades | Non | 1.10.2024-30.9.2026 | 2 | | | 111,0000 |
| ED481B_067 | Arias | Ferreiro | Goretti | Enxeñaría e Arquitectura | Non | 1.2.2025-30.9.2026 | 2 | | | 110,0000 |
| ED481B_072 | Liñares | Blanco | José | Enxeñaría e Arquitectura | Non | 1.10.2024-30.9.2026 | 2 | | | 108,5000 |
| ED481B_101 | Rodríguez | Fernández | Carlos Damián | Ciencias | Non | 1.10.2024-30.9.2026 | 1 | | | 105,0000 |
| ED481B_077 | Rúa | Alonso | María | Ciencias Sociais e Xurídicas | Non | 1.1.2025-31.8.2026 | 2 | | | 102,0000 |
| ED481B_066 | Sobrino | García | Itziar | Ciencias Sociais e Xurídicas | Non | 1.1.2025-31.8.2026 | 1 | | | 100,1000 |

Universidade de Santiago de Compostela.

| Nº exp. | 1º apelido | 2º apelido | Nome | Rama de coñecemento | Bolsa Fulbright | 1ª estadía | | 2ª estadía | | Puntuación |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | Datas | Zona | Datas | Zona | |
| ED481B_009 | López | Sande | Sergio | Artes e Humanidades | Non | 1.10.2024-30.9.2025 | 2 | 1.10.2025-30.9.2026 | 2 | 118,5000 |
| ED481B_082 | Lorenzo | Rodríguez | Abel | Artes e Humanidades | Non | 1.10.2024-30.9.2025 | 2 | 1.10.2025-30.9.2026 | 2 | 117,5000 |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia



| Nº exp. | 1º apelido | 2º apelido | Nome | Rama de coñecemento | Bolsa Fulbright | 1ª estadía | | 2ª estadía | | Puntuación |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | Datas | Zona | Datas | Zona | |
| ED481B_032 | Tacón | García | Antía | Artes e Humanidades | Non | 1.10.2024-30.9.2025 | 1 | 1.10.2025-30.9.2026 | 1 | 117,0000 |
| ED481B_13 | Rodríguez | González | Celtia | Artes e Humanidades | Non | 1.10.2024-30.9.2025 | 2 | 1.10.2025-30.9.2026 | 1 | 116,5000 |
| ED481B_048 | Campos | Romero | Hugo | Ciencias Sociais e Xurídicas | Non | 1.10.2024-30.9.2025 | 2 | 1.10.2025-30.9.2026 | 1 | 114,0000 |
| ED481B_18 | Giadás | Quintela | Miguel | Artes e Humanidades | Si | 1.10.2024-30.9.2025 | 3 | 1.10.2025-30.9.2026 | 3 | 112,5000 |
| ED481B_050 | Sánchez de la Parra | Pérez | Santiago | Artes e Humanidades | Non | 1.10.2024-30.9.2025 | 2 | 1.10.2025-30.9.2026 | 1 | 110,0000 |
| ED481B_14 | Villamarín | Freire | Sara | Artes e Humanidades | Non | 1.10.2024-30.9.2025 | 2 | 1.10.2025-30.9.2026 | 2 | 106,5000 |
| ED481B_023 | Gándara | Feijóo | Javier | Artes e Humanidades | Non | 1.10.2024-30.9.2025 | 1 | 1.10.2025-30.9.2026 | 1 | 105,5000 |
| ED481B_027 | Toledo | Machado | Luis Alejandro | Artes e Humanidades | Non | 1.10.2024-30.9.2025 | 2 | 1.10.2025-30.9.2026 | 2 | 105,5000 |
| ED481B_041 | De la Torre | Cuevas | Fernando | Ciencias Sociais e Xurídicas | Non | 1.10.2024-30.9.2025 | 2 | 1.10.2025-30.9.2026 | 2 | 104,0000 |
| ED481B_040 | Vila | Tojo | Sergio | Ciencias Sociais e Xurídicas | Non | 1.10.2024-30.9.2025 | 2 | 1.10.2025-30.9.2026 | 2 | 102,5000 |
| ED481B_056 | Rodríguez | Alonso | Guillermo | Artes e Humanidades | Non | 1.10.2024-31.5.2026 | 2 | | | 101,4000 |
| ED481B_044 | Fernández | Fariña | Sandra | Ciencias | Non | 1.10.2024-30.9.2025 | 2 | 1.10.2025-30.9.2026 | 2 | 100,2500 |
| ED481B_038 | García | González | Mario | Ciencias da Saúde | Non | 1.10.2024-30.9.2026 | 1 | | | 94,2000 |
| ED481B_026 | Prieto | Díaz | Rubén | Ciencias da Saúde | Non | 1.1.2025-31.8.2026 | 2 | | | 91,5000 |
| ED481B_033 | Yáñez | Ramil | Uxía | Ciencias da Saúde | Non | 1.10.2024-30.9.2026 | 2 | | | 85,1500 |
| ED481B_025 | Blanco | Pintos | Triana | Ciencias da Saúde | Non | 1.2.2025-30.9.2026 | 2 | | | 85,0000 |
| ED481B_055 | Pousa | Diéguez | Rodrigo | Artes e Humanidades | Non | 1.10.2024-30.9.2026 | 1 | | | 72,5000 |

Universidade de Vigo.

| Nº exp. | 1º apelido | 2º apelido | Nome | Rama de coñecemento | Bolsa Fulbright | 1ª estadía | | 2ª estadía | | Puntuación |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | Datas | Zona | Datas | Zona | |
| ED481B_092 | López | Manuel | Lucas | Ciencias Sociais e Xurídicas | Non | 1.12.2024-31.8.2026 | 2 | | | 117,5000 |

CVE-DOG: 6l5r7wm2-56k7-oj90-xur9-4e1ittcf2uv6



| Nº exp. | 1º apelido | 2º apelido | Nome | Rama de coñecemento | Bolsa Fulbright | 1ª estadía | | 2ª estadía | | Puntuación |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | Datas | Zona | Datas | Zona | |
| ED481B_059 | Alonso | Martínez | Laura | Enxeñaría e Arquitectura | Non | 1.10.2024-30.9.2025 | 1 | 1.10.2025-30.9.2026 | 3 | 116,2500 |
| ED481B_063 | Frieiro | Padín | Paula | Ciencias Sociais e Xurídicas | Non | 1.10.2024-30.9.2025 | 1 | 1.10.2025-30.9.2026 | 2 | 114,8000 |
| ED481B_084 | Díaz | Pérez | Ana María | Artes e Humanidades | Non | 1.10.2024-30.9.2025 | 2 | 1.10.2025-30.9.2026 | 2 | 114,5000 |
| ED481B_093 | Martínez | Merino | Paloma | Ciencias | Non | 1.10.2024-30.9.2025 | 2 | 1.10.2025-30.9.2026 | 2 | 114,5000 |
| ED481B_109 | Escudero | Curiel | Silvia | Enxeñaría e Arquitectura | Non | 1.10.2024-30.9.2025 | 2 | 1.10.2025-30.9.2026 | 1 | 112,0000 |
| ED481B_090 | Liz | Domínguez | Martín | Enxeñaría e Arquitectura | Non | 1.10.2024-30.9.2025 | 2 | 1.10.2025-30.9.2026 | 3 | 108,0000 |
| ED481B_060 | Fernández | Vázquez-Noguerol | Mar | Ciencias Sociais e Xurídicas | Non | 1.2.2025-30.9.2026 | 1 | | | 106,2500 |
| ED481B_061 | López | Prieto | Alejandro | Enxeñaría e Arquitectura | Non | 1.2.2025-30.9.2026 | 1 | | | 104,0000 |
| ED481B_086 | Fernández | Fernández | Ángel Manuel | Ciencias | Non | 1.10.2024-30.9.2026 | 2 | | | 101,5000 |

Outras entidades.

Fundación Pública Galega Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (FIDIS).

| Nº exp. | 1º apelido | 2º apelido | Nome | Rama de coñecemento | Bolsa Fulbright | 1ª estadía | | 2ª estadía | | Puntuación |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | Datas | Zona | Datas | Zona | |
| IN606B-2024.1 | García | Acevedo | Pelayo | Ciencias da Saúde | Non | 1.10.2024-30.9.2026 | 1 | - | - | 96,00 |

Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica Galicia Sur (FBGS).

| Nº exp. | 1º apelido | 2º apelido | Nome | Rama de coñecemento | Bolsa Fulbright | 1ª estadía | | 2ª estadía | | Puntuación |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | Datas | Zona | Datas | Zona | |
| IN606B-2024.11 | González | Pereira | Antía | Ciencias | Non | 1.10.2024-30.9.2025 | 1 | 1.10.2025-30.9.2026 | 1 | 91,50 |
| IN606B-2024.14 | Gallardo | Gómez | María | Ciencias da Saúde | Non | 1.10.2024-30.9.2025 | 1 | 1.10.2025-30.9.2026 | 2 | 88,50 |

DOG Diario Oficial de Galicia
XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

CVE-DOG: 6l5r7wm2-56k7-oj90-xur9-4e1ittcf2uv6



Diario Oficial de Galicia

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica INIBIC.

| Nº exp. | 1º apelido | 2º apelido | Nome | Rama de coñecemento | Bolsa Fulbright | 1ª estadía | | 2ª estadía | | Puntuación |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | Datas | Zona | Datas | Zona | |
| IN606B-2024.22 | Paz | González | Rocío | Ciencias da Saúde | Non | 1.10.2024-31.5.2026 | 3 | - | - | 94,50 |

Fundación Pública Galega Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia (Cesga).

| Nº exp. | 1º apelido | 2º apelido | Nome | Rama de coñecemento | Bolsa Fulbright | 1ª estadía | | 2ª estadía | | Puntuación |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | Datas | Zona | Datas | Zona | |
| IN606B-2024.16 | Fernández | Álvarez | José Carlos | Ciencias | Non | 1.10.2024-30.9.2026 | 1 | - | - | 87,60 |

Instituto de Investigacións Mariñas do CSIC (IIM-CSIC).

| Nº exp. | 1º apelido | 2º apelido | Nome | Rama de coñecemento | Bolsa Fulbright | 1ª estadía | | 2ª estadía | | Puntuación |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | Datas | Zona | Datas | Zona | |
| IN606B-2024.05 | Saco | Beiroa | Amaro | Ciencias | Non | 1.10.2024-30.9.2025 | 2 | 1.10.2025-30.9.2026 | 2 | 90,50 |

Misión Biolóxica de Galicia do CSIC (MBG-CSIC).

| Nº exp. | 1º apelido | 2º apelido | Nome | Rama de coñecemento | Bolsa Fulbright | 1ª estadía | | 2ª estadía | | Puntuación |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | Datas | Zona | Datas | Zona | |
| IN606B-2024.06 | Gesteiro | Portas | Noemí | Ciencias | Non | 1.10.2024-30.9.2026 | 2 | - | - | 89,50 |

Instituto de Ciencias do Patrimonio do CSIC (INCIPIT-CSIC).

| Nº exp. | 1º apelido | 2º apelido | Nome | Rama de coñecemento | Bolsa Fulbright | 1ª estadía | | 2ª estadía | | Puntuación |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | Datas | Zona | Datas | Zona | |
| IN606B-2024.07 | Barrero | Rescalvo | María | Artes e Humanidades | Non | 1.10.2024-30.9.2025 | 2 | 1.10.2025-30.9.2026 | 2 | 99,00 |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia



Instituto Español de Oceanografía do CSIC (IEO-CSIC).

| Nº exp. | 1º apelido | 2º apelido | Nome | Rama de coñecemento | Bolsa Fulbright | 1ª estadía | | 2ª estadía | | Puntuación |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | Datas | Zona | Datas | Zona | |
| IN606B-2024.18 | Sarmiento | Lezcano | Airam Nauzet | Ciencias | Non | 1.10.2024-30.9.2025 | 2 | 1.10.2025-30.9.2026 | 2 | 96,85 |

## ANEXO II

## **Listas de espera**

Universidades do SUG.

| Nº orde | Nº exp. | Entidade | 1º apelido | 2º apelido | Nome | Rama de coñecemento | Bolsa Fulbright | Puntuación |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | ED481B_088 | UVigo | García | Fuentes | Olalla | Ciencias Sociais e Xurídicas | Non | 99,7000 |
| 02 | ED481B_19 | USC | Mariño | Calvo | María Vanesa | Artes e Humanidades | Non | 99,5000 |
| 03 | ED481B_045 | USC | Díaz | Navarro | Sonia | Artes e Humanidades | Non | 99,5000 |
| 04 | ED481B_11 | USC | Moreno | Zurita | Alba | Artes e Humanidades | Non | 99,5000 |
| 05 | ED481B_108 | UVigo | Cordeiro | Costas | Moisés | Enxeñaría e Arquitectura | Non | 99,5000 |
| 06 | ED481B_094 | UVigo | Mouriño | Schick | Andrea | Artes e Humanidades | Non | 98,0000 |
| 07 | ED481B_031 | USC | Mena | Acevedo | Daniel Steven | Artes e Humanidades | Non | 98,0000 |
| 08 | ED481B_071 | UDC | Guzzi | | Eleonora | Artes e Humanidades | Non | 96,0000 |
| 09 | ED481B_091 | UVigo | López | Pérez | Ángel Enrique | Ciencias | Non | 93,0000 |
| 10 | ED481B_047 | USC | Cidrás | Fuentes | Aldara | Artes e Humanidades | Si | 92,5000 |
| 11 | ED481B_110 | UVigo | Fernández | Da Silva | Ángela | Ciencias Sociais e Xurídicas | Non | 92,5000 |
| 12 | ED481B_089 | UVigo | García | Lojo | Daniel | Ciencias | Non | 91,6824 |
| 13 | ED481B_085 | USC | Cabrero | González | Carolina | Artes e Humanidades | Non | 91,5000 |
| 14 | ED481B_042 | USC | Formoso | Silva | María | Ciencias Sociais e Xurídicas | Non | 90,2000 |
| 15 | ED481B_054 | USC | Sanmarco | Vázquez | Jéssica | Ciencias Sociais e Xurídicas | Non | 88,7500 |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

| Nº orde | Nº exp. | Entidade | 1º apelido | 2º apelido | Nome | Rama de coñecemento | Bolsa Fulbright | Puntuación |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 16 | ED481B_002 | USC | Blanco | Varela | Bruno | Ciencias Sociais e Xurídicas | Non | 88,7500 |
| 17 | ED481B_096 | UVigo | Taboada | González | Adriana | Artes e Humanidades | Non | 88,5000 |
| 18 | ED481B_003 | USC | Saglam | | Buke | Artes e Humanidades | Non | 88,5000 |
| 19 | ED481B_104 | UDC | Pesado | Rodríguez | Pablo | Artes e Humanidades | Non | 87,5000 |
| 20 | ED481B_039 | USC | Díaz | Bonilla | Sara | Artes e Humanidades | Non | 84,5000 |

Outras entidades.

| Nº orde | Nº exp. | Entidade | 1º apelido | 2º apelido | Nome | Rama de coñecemento | Bolsa Fulbright | Puntuación |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | IN606B-2024.15 | MBG-CSIC | Vega | Álvarez | Carmen | Ciencias | Non | 85,0000 |
| 02 | IN606B-2024.12 | FBGS | Campo | Prieto | Pablo | Ciencias da Saúde | Non | 81,5000 |
| 03 | IN606B-2024.17 | Cesga | Fernández | Llovo | Iago | Ciencias | Non | 80,0000 |
| 04 | IN606B-2024.08 | INCIPIT-CSIC | Urrutia | Aparicio | Maitane | Artes e Humanidades | Non | 79,5000 |
| 05 | IN606B-2024.20 | INIBIC | Bleriot | Rial | Inés María | Ciencias da Saúde | Non | 79,0000 |

## ANEXO III

### **Disposición do gasto para as axudas das universidades do SUG**

Total: 40 axudas.

O importe das axudas das universidades do SUG imputarase ao Plan galego de financiamento universitario para o período 2022-2026.

| Univ. | Nº de axudas | Aplicación orzamentaria | Crédito (en euros) | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | 2024 | 2025 | 2026 | 2027 | 2028 | 2029 | 2030 | Total |
| UDC | 11 | 37.02.561B.444.0 | 104.500,00 | 535.000,00 | 566.000,00 | 379.500,00 | 429.000,00 | 429.000,00 | 390.500,00 | 2.833.500,00 |
| | | 37.02.561B.744.0 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 55.000,00 | 110.000,00 | 110.000,00 | 55.000,00 | 330.000,00 |

CVE-DOG: 6l5r7wm2-56k7-oj90-xur9-4e1ittcf2uv6



| Univ. | Nº de axudas | Aplicación orzamentaria | Crédito (en euros) | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | 2024 | 2025 | 2026 | 2027 | 2028 | 2029 | 2030 | Total |
| USC | 19 | 37.02.561B.444.0 | 180.500,00 | 956.000,00 | 941.000,00 | 655.500,00 | 741.000,00 | 741.000,00 | 674.500,00 | 4.889.500,00 |
| | | 37.02.561B.744.0 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 95.000,00 | 190.000,00 | 190.000,00 | 95.000,00 | 570.000,00 |
| UVigo | 10 | 37.02.561B.444.0 | 95.000,00 | 480.000,00 | 507.500,00 | 345.000,00 | 390.000,00 | 390.000,00 | 355.000,00 | 2.562.500,00 |
| | | 37.02.561B.744.0 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 50.000,00 | 100.000,00 | 100.000,00 | 50.000,00 | 300.000,00 |
| Total | | | 380.000,00 | 1.971.000,00 | 2.014.500,00 | 1.580.000,00 | 1.960.000,00 | 1.960.000,00 | 1.620.000,00 | 11.485.500,00 |

## ANEXO IV

**Disposición do gasto para as axudas das entidades alleas ao SUG**

Total: 9 axudas.

| Entidade | Nº de axudas | Aplicación orzamentaria | Crédito (en euros) | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | 2024 | 2025 | 2026 | 2027 | 2028 | 2029 | 2030 | Total |
| FIDIS | 1 | 09.A2.561A.443.28 | 9.500,00 | 45.500,00 | 45.500,00 | 34.500,00 | 39.000,00 | 39.000,00 | 35.500,00 | 248.500,00 |
| | | 09.A2.561A.743.28 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 5.000,00 | 10.000,00 | 10.000,00 | 5.000,00 | 30.000,00 |
| FBGS | 2 | 09.A2.561A.443.29 | 19.000,00 | 91.000,00 | 97.000,00 | 69.000,00 | 78.000,00 | 78.000,00 | 71.000,00 | 503.000,00 |
| | | 09.A2.561A.743.29 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 10.000,00 | 20.000,00 | 20.000,00 | 10.000,00 | 60.000,00 |
| INIBIC | 1 | 09.A2.561A.443.25 | 9.500,00 | 57.500,00 | 49.500,00 | 34.500,00 | 39.000,00 | 39.000,00 | 35.500,00 | 264.500,00 |
| | | 09.A2.561A.743.25 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 5.000,00 | 10.000,00 | 10.000,00 | 5.000,00 | 30.000,00 |
| Cesga | 1 | 09.A2.561A.443.05 | 9.500,00 | 45.500,00 | 45.500,00 | 34.500,00 | 39.000,00 | 39.000,00 | 35.500,00 | 248.500,00 |
| | | 09.A2.561A.743.05 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 5.000,00 | 10.000,00 | 10.000,00 | 5.000,00 | 30.000,00 |
| IIM-CSIC | 1 | 09.A2.561A.403.0 | 9.500,00 | 51.500,00 | 51.500,00 | 34.500,00 | 39.000,00 | 39.000,00 | 35.500,00 | 260.500,00 |
| | | 09.A2.561A.703.0 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 5.000,00 | 10.000,00 | 10.000,00 | 5.000,00 | 30.000,00 |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

CVE-DOG: 6l5r7wm2-56k7-oj90-xur9-4e1ittcf2uv6



| Entidade | Nº de axudas | Aplicación orzamentaria | Crédito (en euros) | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | 2024 | 2025 | 2026 | 2027 | 2028 | 2029 | 2030 | Total |
| MBG-CSIC | 1 | 09.A2.561A.403.0 | 9.500,00 | 51.500,00 | 51.500,00 | 34.500,00 | 39.000,00 | 39.000,00 | 35.500,00 | 260.500,00 |
| | | 09.A2.561A.703.0 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 5.000,00 | 10.000,00 | 10.000,00 | 5.000,00 | 30.000,00 |
| INCIPIT-CSIC | 1 | 09.A2.561A.403.0 | 9.500,00 | 51.500,00 | 51.500,00 | 34.500,00 | 39.000,00 | 39.000,00 | 35.500,00 | 260.500,00 |
| | | 09.A2.561A.703.0 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 5.000,00 | 10.000,00 | 10.000,00 | 5.000,00 | 30.000,00 |
| IEO-CSIC | 1 | 09.A2.561A.403.0 | 9.500,00 | 51.500,00 | 51.500,00 | 34.500,00 | 39.000,00 | 39.000,00 | 35.500,00 | 260.500,00 |
| | | 09.A2.561A.703.0 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 5.000,00 | 10.000,00 | 10.000,00 | 5.000,00 | 30.000,00 |
| Total outras entidades | | | 85.500,00 | 445.500,00 | 443.500,00 | 355.500,00 | 441.000,00 | 441.000,00 | 364.500,00 | 2.576.500,00 |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia